



ORDENANZA MUNICIPAL SOBRE VENDA AMBULANTE, MERCADILLOS E FEIRAS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A autorización da venda non sedentaria, entendida no sentido amplo como a realizada por comerciantes fora do establecemento comercial permanente, en instalacións desmontables ou transportables, é unha competencia xenuinamente municipal. Correspóndelle aos concellos regulala por medio das súas ordenanzas municipais no marco do disposto pola lexislación estatal e autonómica.

O interese principal desta Ordenanza é a de regular o réxime administrativo da actividade de venda ambulante e destacar, tanto a atención aos requisitos que os/as comerciantes deben reunir para ter acceso á actividade, así como as novidades cando o aumento da duración das autorizacións para exercer a venda ambulante, a posibilidade de transmisión das autorizacións así a simplificación da documentación a presentar, todo iso de acordo co establecido na disposición final quinta da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común.

De conformidade co previsto no artigo 129 da LPACAP, esta proposta normativa responde os principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, tal e como se detalla a continuación:

- Necesidade: trátase dunha disposición necesaria e dunha iniciativa xustificada polo interese xeral debido a falta ou a precariedade da regulación existente en materia de venda ambulante, mercadillos e feiras. E como toda actividade comercial esixe a adopción de medidas tendentes a garantir dunha parte, a realización destas actividades no marco da libre e leal competencia e, doutra, o respecto e a garantía dos lexítimos dereitos dos consumidores, así como a protección da saúde e seguridade dos mesmos, asegurando a calidade dos bens e servizos ofertados.
- Eficacia: esta ordenanza é o instrumento máis adecuado para garantir a consecución dos fins perseguidos mentres se conseguen solucións estables e permanentes.
- Proporcionalidade: Responde á idea de garantir dunha parte, a realización destas actividades no marco da libre e leal competencia e, doutra, o respecto e a garantía dos lexítimos dereitos dos consumidores, así como a protección da saúde e seguridade dos mesmos, asegurando a calidade dos bens e servizos ofertados.
- Seguridade xurídica: O principio de seguridade xurídica queda igualmente satisfeito xa que a iniciativa normativa que nos ocupa exerce de maneira coherente co resto do ordenamento xurídico, nacional e da Unión Europea, para xerar un marco normativo estable, predicible, integrado, claro e de certeza, que facilite o seu coñecemento e comprensión e, en consecuencia, a actuación e toma de decisións das persoas.
- Transparencia: esta norma someteuse a consulta pública previa, conforme ao previsto no artigo 133 da LPACAP, así como a información pública durante a tramitación tendente á aprobación desta.
- Eficiencia: a regulación contida nesta ordenanza non impón cargas administrativas innecesarias.

TÍTULO I.-DISPOSICIÓN XERAIS

O concello quere a través da presente Ordenanza, regular, esclarecer e unificar criterios en materia de venda ambulante, mercadillos e feiras, de modo que poden cumprir a súa función primordial de complementar o sistema de distribución comercial.

Esta Ordenanza apróbbase en cumprimento do disposto nos artigos 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 1.2.º do Regulamento de servizos das corporacións locais aprobado polo Decreto de 17 de xuño de 1955, a Lei 1/1996, do 5 de marzo, de regulación das





actividades feirais de Galicia, a Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia, e o Real decreto 199/2010, do 26 de febreiro, polo que se regula o exercicio da venda ambulante ou non sedentaria.

Por iso a venda ambulante en todo o termo municipal da Rúa rexerá polas seguintes normas:

Artigo 1.- A venda que se realice por comerciantes fora dun establecemento comercial permanente, en espazos abertos ou na vía pública, en lugares e datas variables deberá ser autorizada polo Concello no ámbito do seu territorio.

Artigo 2.- A venda ambulante realizarase en postos ou instalacións desmontables que só poderán instalarse no lugar ou lugares que especifique a correspondente autorización.
A venda ambulante no Concello da Rúa só poderase efectuar os días de feira e no marco establecido para iso.

Artigo 3.- As autorizacións para as vendas ambulantes os días de feira deberán especificar o tipo de produtos que poden ser vendidos. O concello poderá autorizar a venda dos seguintes artigos:

- Alimentación (froita, hortalizas e verduras, patacas, queixos do país e curados, ovos, embutidos, carnes curadas, encurtidos, polvo, produtos do forno e churros).
- Xeral (têxtil, confección e calzado).
- Artesanía e bixutería.
- De tempada (árbores froiteiras, plantas e flores).
- Marroquinería, artigos de coiro e pel
- Decoración e ornato.

Non procederá conceder autorización para a venda daqueles produtos cuxa normativa así o prohiba e aqueles outros que, en razón da súa presentación ou doutros motivos, non cumpran a normativa técnico sanitaria e de seguridade, podendo ademais as autoridades sanitarias prohibir a venda de determinados produtos cando motivos de saúde pública o aconsellen.

Artigo 4.- Para o exercicio da venda en réxime ambulante o comerciante deberá cumprir os seguintes requisitos:

1. Estar dado de alta no epígrafe correspondente da licenza fiscal de actividades comerciais e industriais e atoparse ao corrente no pago da correspondente tarifa.
2. Satisfacer os tributos establecidos para este tipo de venda.
3. Reunir as condicións e requisitos esixidos pola normativa reguladora do produto obxecto de venda ambulante.
4. Estar ao corrente no pago das cotizacións de seguridade Social.
5. Estar en posesión da autorización municipal correspondente.
6. Estar en posesión, de ser o caso, do certificado acreditativo de ter recibido formación en materia de manipulación de alimentos.
7. Dispoñer dos permisos de residencia e de traballo que, en cada caso, sexan exixibles, de se tratar de persoas estranxeiras.
8. Dispoñer de seguro de responsabilidade civil.

Artigo 5.- Toda autorización que se conceda deberá conter as seguintes indicacións:

1. Lugar ou lugares onde pode exercerse a actividade.
2. Datas e horarios en que poderán levar a cabo.
3. Produtos que poden comercializarse.





4. Período de vixencia: que non poderá ser superior ao ano.

5. O carácter persoal e intransferible da autorización.

Toda autorización concedida terá carácter discrecional e poderá ser revogada polo Concello, sen que por iso de orixe a indemnización ou compensación algunha.

Titulo II: REGULACION DA INSTALACION DE POSTOS NA FERIA MENSUAL E ANUAL.

Artigo 6.- Localización.- O recinto onde se situarán os postos de venda, comprenderá a zona do centro urbano formada polas rúas Telesforo Ojea, Avenida de Barreais, Padre Feijoo e a Praza Enriqueta Casanova.

Datas.- Sínálase o día sete de cada mes como o día de celebración da feira de carácter mensual. Tamén se establece o 30 de novembro, día de San Andrés, como día da celebración da feira anual. A maiores das datas anteriores, os polbeiros que así o soliciten, poderán desenvolver a súa actividade comercial os domingos e festivos do ano. Na autorización que se remita dende o Concello se lles indicará a ubicación na que poderán realizar a súa actividade.

Así mesmo, ás asociacións que o soliciten poderá concedérselle, de xeito excepcional, autorización para instalar o seu posto en lugares distintos os sinalados para os postos da feira.

Horario.-

- Descarga e instalación: 07:30 a 09.00 horas
- Actividade comercial: 09.00 a 15.00 horas
- Carga e recollida dos postos: 15.00 a 16.00 horas.

Vendedores/as.- Os/as comerciantes que posúan a correspondente autorización municipal.

Postos:

- Dimensións: de 3 a 15 m de ancho por 3 metros de fondo (como máximo). De xeito excepcional e cando, tanto a estrutura do posto como a mercancía a vender así o aconselle, poderase dar permiso para ampliar os metros establecidos anteriormente.
- A estrutura, de establecerse, debe ser metálica, facilmente desmontable e transportable, cunha mesa a unha altura mínima de 0,60 m do chan, e cobertura de lona ou toldo impermeable.
- As mercancías e artigos deberán manterse perfectamente colocados nos seus estantes.
- Deben ter un receptáculo con tapadeira dentro do posto para verter os residuos xerados na actividade do comercio. Os postos teñen que estar en boas condicións de aseo e hixiene.

Artigo 7.- Os comerciantes que habitualmente veñen asistindo a esa tradicional feira, ou aqueles que en diante lles puidese interesar, poderán solicitar do Concello, a adxudicación dun posto fixo para todos os días de feira. Para ese efecto, o Concello procederá a sinalizar sobre un esbozo a escala, os postos de venda que houberen lugar no recinto da feira antes citado, numerándoos adecuadamente.

Artigo 8.- As adxudicacións dos postos realizaranse por anualidades.

Artigo 9.- Os postos fixos serán sinalados polo Concello e os eventuais para un día determinado de mercado, polo Concelleiro correspondente, podendo este delegar dita función na Policía Local.

Artigo 10.- O Concello poderá, en calquera momento, cambiar o posto fixo a un determinado vendedor cando as circunstancias así o aconsellen e tras o informe que sobre o caso emita a Concellería correspondente.





Artigo 11.- Respetaranse os lugares habitualmente ocupados polos vendedores. Non obstante o Concello poderá dispoñer un cambio de localización, en atención aos sectores dispoñibles, ou agrupándoos segundo as mercadorías.

Artigo 12.- Os titulares dos postos fixos perderán o seu dereito cando falten máis de tres meses sen presentar ningunha escusa válida ao Concelleiro, para que sexa tomada en consideración, antes da ausencia ou durante a mesma.

Artigo 13.- Calquera cambio de titularidade debe ser competencia do Concello. Con todo, o Concelleiro, ante calquera problema de emerxencia, poderá obrar en consecuencia, poñéndoo canto antes en coñecemento do Concello.

Artigo 14.- Aos vendedores que teñen sitio fixo gardaráselles o posto ata as 9:00 horas. O vendedor que á devandita hora non se atope no posto perderá todo dereito a montar no citado posto, devandito día, sempre que o encargado xa instalase a outro vendedor en dito posto reservado. Esta perda só será efectiva para o día da data en que se de o problema exposto.

Artigo 15.- No recinto da feira non poderán deixar vehículos nin obstáculos de ningunha clase que impidan o desenvolvemento normal do mercado, no día sinalado.

Artigo 16.- Unha vez finalizada esta, os vendedores deberán recoller e varrer todos cuantos desperdicios quedasen propios da actividade do mercado, debendo deixar o recinto en debidas condicións de limpeza.

TÍTULO III.- REGULACIÓN DOS MERCADILLOS

Artigo 17.- O Concello de A Rúa poderá organizar e/ou colaborar neste tipo de mercados de xeito periódico ou esporádico como una forma de fomentar o turismo do Concello ou para lograr a revitalización comercial dun sector artesanal ou de interese para a comarca.

Para a súa instalación deberase ditar un decreto da Alcaldía no que se indicará::

- Localización dos devanditos mercados.
- Días e horarios de realización destes.
- Produtos autorizados.
- Condicións específicas dos postos, se fosen esixibles.
- As especialidades con respecto ao réxime xeral de outorgamento de autorizacións, tales como vixencia da mesma, prazo de solicitude, persoas recollidas na súa vixencia.

TÍTULO IV. RÉXIME SANCIONADOR

Artigo 18.- Réxime sancionador . Corresponde á Alcaldía-Presidencia a competencia para a imposición de sancións. Previa tramitación do preceptivo expediente, con audiencia ao interesado. Para o procedemento sancionador, a maiores do establecido na presente ordenanza, estarase ao disposto na normativa contida na Lei30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, así como o procedemento regulado polo Real Decreto 1398/1993 polo que se aproba o regulamento para o exercicio da potestade sancionadora da Administración. Os servizos municipais correspondentes velarán polo mantemento da orde pública e o cumprimento polos usuarios destas normas, e das que se diten no sucesivo na materia, sendo competencia municipal a inspección e sanción en materia de venda ambulante, sen prexuízo das competencias atribuídas a outras administracións en aplicación da normativa vixente. No ámbito destas competencias municipais e para o seu exercicio,





correspóndelle á Policía Local o control e funcionamento dos mercados e do desenvolvemento da actividade de venda ambulante en xeral, así como a adopción das medidas preventivas que se sinalan nesta Ordenanza, para asegurar o correcto cumprimento da mesma. Para iso, os efectivos da Policía Local esixirán as identificacións das persoas titulares das autorizacións, ou das súas suplentes, comprobarán a ocupación e correcta localización dos postos, os artigos á venda e o cumprimento adecuado das obrigas de limpeza, horario, atención á clientela e en xeral cantas outras sexan esixibles para o normal desenvolvemento da actividade de Venda ambulante de que se trate así como revisar os requisitos que se piden para a autorización.

Artigo 19.- Clases de infraccións. Segundo o regulado no artigo 104 da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do Comercio Interior de Galicia.

1. Infracción leves:

a. As simples inobservancias das disposicións establecidas na presente Lei que non teñan repercusións económicas nin prexuízo para as persoas consumidoras.

b. Non exhibir a necesaria autorización, homologación ou comunicación na forma legal ou regulamentariamente establecida.

c. Non facer a limpeza do espazo ocupado polo posto ao rematar a xornada feiral.

d. En xeral, incumplir as obrigas establecidas na presente Lei que non sexan obxecto de sanción específica.

e. As alteracións de orde público que produzan escándalo, derivadas do mal comportamento contrario ás normas de convivencia.

f. Non ter exposto de xeito visible a autorización municipal.

g. Incumplimento de datas e horarios establecidos para a venda.

h. A ocupación para a venda dunha superficie ou espazo maior que o autorizado.

i. Colocar as mercadorías á venda no chan ou nos espazos destinados a corredores ou entre postos.

j. Non retirar ou pechar o posto no horario establecido.

k. A negligencia en canto á limpeza do posto.

l. Calquera outra infracción a esta ordenanza que non se atope tipificada como grave ou moi grave.

2. Infraccións graves:

a. Practicar a venda fóra dos perímetros e/ou lugares autorizados ou con transgresión dos días e horarios establecidos.

b. Practicar a venda calquera persoa non autorizada ou comerciantes que incumplan os requisitos establecidos na presente Lei, nos regulamentos ou ordenanzas reguladoras.

c. Practicar a venda en lugares que non reúnan as condicións establecidas na presente Lei, nos regulamentos ou ordenanzas reguladoras.

Consideraranse ademais infraccións graves:

d. Negarse ou resistirse a fornecer datos ou a facilitar a información requirida polas autoridades ou o seu funcionariado e axentes da administración comercial no exercicio das súas funcións de comprobación, e a subministración de información inexacta ou incompleta.

e. Incumplir as disposicións administrativas relativas á prohibición de comercializar ou distribuír determinados produtos.

f. Esixir prezos superiores a aqueles que fosen obxecto de fixación administrativa.

g. Incumplir os prazos máximos de pago que contempla o apartado 3 do artigo 15 da Lei 13/2010, e faltar á entrega dun efecto incorporable á orde nos supostos e prazos previstos no apartado 4 do artigo 15 da Lei 13/2010.





h. Incumprir por parte de quen outorgue o contrato de franquía a obrigación de comunicación do inicio da actividade ao rexistro previsto no artigo 92.2 da Lei 13/2010 no prazo a que se refire ese precepto, así como non actualizar os datos que con carácter anual deban realizar.

i. Non deixar constancia documental da data de entrega de mercadorías polos provedores ou falsear este dato.

j. Cursar información errónea ou claramente insuficiente cando esta se solicitou de conformidade coa normativa de aplicación e teña carácter esencial, dea lugar a graves danos ou exista intencionalidade.

k. Reincidir na comisión de infraccións leves.

3. Infraccións moi graves:

a. Exercer actividades comerciais en establecementos comerciais individuais ou colectivos que non obteñan a autorización autonómica a que se refire o artigo 29 da Lei 13/2010 cando esta fose preceptiva.

b. Negarse ou resistirse a fornecer datos ou a facilitar a información requirida polas autoridades e os seus axentes no exercicio das súas funcións de inspección, cando se efectuase a través de violencia física ou verbal ou calquera outra forma de presión.

c. Cometer as infraccións cualificadas como graves, sempre que supuxesen unha facturación, afectada pola infracción, superior a un millón de €.

d. Reincidir na comisión de infraccións graves.

Artigo 20.- Competencia sancionadora. En todo caso, as infraccións tipificadas no artigo anterior e clasificadas como infraccións leves, graves ou moi graves, cando sexan relativas á venda ambulante ou non sedentaria, sancionaranse pola persoa titular da alcaldía, de conformidade co previsto no artigo 113.4 da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia.

Artigo 21.- Reincidencia. Entenderase por reincidencia a comisión, no período de dous anos, de máis dunha infracción da mesma natureza, cando así sexa declarado por resolución firme. A pesar do sinalado no apartado anterior, para cualificar unha infracción como moi grave só se atenderá á reincidencia en infraccións graves, e a reincidencia en infraccións leves só determinará que unha infracción deste tipo sexa cualificada como grave cando se incorreu en máis de dúas infraccións de carácter leve, cando así fose declarado por resolución firme.

Artigo 22.- Sancións. As infraccións darán lugar ás sancións seguintes:

- Apercibimento á persoa infractora.
- Multa.
- Incautación e perda da mercadoría.
- Suspensión da actividade comercial de que se trate por prazo non superior a un ano.
- Revogación da autorización.

Artigo 23.- Contía das multas. De conformidade co previsto no artigo 110 da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia as contías das multas serán as seguintes:

- As infraccións leves sancionaranse con apercibimento ou multa de ata 1.500 €.
- As infraccións graves, con multa de 1.501 € ata 50.000 €.
- As infraccións moi graves, con multa de 50.001 ata 1.000.000 €.

Artigo 24.- Gradación das sancións. Para a gradación das infraccións e sancións aplicables terase en conta a transcendencia social da infracción, a natureza dos prexuízos causados, o volume da facturación á que afecta, o grao de voluntariedade ou intencionalidade da persoa infractora, a contía do beneficio obtido, a capacidade ou solvencia económica da empresa, o período de tempo





durante o cal se veu cometendo a infracción, a reincidencia, a superficie de venda do establecemento e a pertenza a unha gran empresa ou grupo de empresas.

Artigo 25.- Prescrición das infraccións. As infraccións reguladas na presente Ordenanza prescribirán ao tres anos as cualificadas de moi graves, aos dous anos as cualificadas de graves e ao seis meses as cualificadas de leves.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA Queda derrogada canta normativa municipal contraveña as disposicións establecidas na presente Ordenanza, salvo o sinalado na disposición transitoria.

DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA As normas contidas nesta Ordenanza son complementarias neste municipio, á Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia, ao Real decreto 199/2010, do 26 de febreiro, polo que se regula o exercicio da venda ambulante ou non sedentaria e á lei 1/1996, do 5 de marzo, de regulación das actividades feirais de Galicia, quedando derrogadas ou modificadas polas normas regulamentarias ou outras disposicións de desenvolvemento ou complementarias que se diten en diante, en canto se opoñan a ela.

DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA A presente Ordenanza entrará en vigor aos quince días da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Ourense de conformidade cos artigos 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e permanecerá vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

A Rúa, a 2 de novembro de 2023

